

Educar para a cidadanía democrática

A democracia está sufrindo duros ataques desde posicións conservadoras. Entre eles destacamos moi especialmente dous. Por un lado, o intento de imposición da ideoloxía do mercado, co seu propósito de mercantilización de todos os servicios, ente eles o dereito á educación; por outro, a defensa da seguridade fronte á liberdade e os dereitos cívico-políticos fundamentais.

Vivimos tempos contradictorios e de des-educación nos valores democráticos, da paz e da liberdade. Así, mentres que os máximos dirixentes do noso mundo están a falar da liberdade, da democracia e da paz, eses mesmos dirixentes están a preparar unha guerra contra Irak, aumentan os gastos militares e os presupostos adicados á investigación militar nos presupostos xerais dos estados, recortanse as liberdades fundamentais e a democracia queda convertida nunha caricatura de si mesma. De feito a democracia está sufrindo duros ataques desde posicións conservadoras. Entre eles destacamos moi especialmente dous. Por un lado, o intento de imposición da ideoloxía do mercado, co seu propósito de mercantilización de todos os servicios, ente eles o dereito á educación; por outro, a defensa da seguridade fronte á liberdade e os dereitos cívico-políticos fundamentais.

O primeiro desenvólvese a partir da década dos setenta do século pasado, aínda que de forma rápida a partir de 1990 coa caída do muro de Berlín. É a etapa da consagración da globalización neoliberal e do mercado como garante da liberdade. Considerase que os gastos dos estados en servicios públicos, entre eles a educación, son caros e ineficaces. Deste xeito aparecen conceptos como competitividade, flexibilidade, calidade, etc., que se asentan na imposición do mercado como garante de calidade e racionalización. Os feitos, sen embargo, encarganse de demostrar o contrario. Neste escenario máis que cidadáns se nos quere converter en meros espectadores-clientes, substituindo o vivir polo consumir, o decidir polo delegar.

O segundo ataque, máis recente, ten igualmente un rápido desenvolvemento a partir dos atentados en EE.UU do 11 de setembro de 2001. Organizacións como Human Rights Watch ou Amnistía Internacional, entre outras, teñen contrastado e denunciado como unha das vítimas da crise do 11-S están sendo a liberdade e os dereitos humanos. En varios países do mundo, ente eles tamén España, en nome da loita contra o terrorismo teñense adoptado medidas que conculcan as garantías para a protección dos dereitos humanos, establecendo unha falsa dicotomía entre seguridade e liberdade. Dicotomía que non só é contradictoria senón que ademais é moralmente inaceptable. Os atentados contra a vida e a liberdade non poden combaterse con morte e menos liberdade. Sen dereitos humanos non pode haber seguridade nen democracia. A defensa da seguridade non pode acarrear máis inseguridade para todos e menos liberdade.

Un currículo democrático e para a democracia ten que plantear unha e outra vez estes dilemas e conflitos aos estudantes ao mesmo tempo que se lles debe ensinar as conquistas da humanidade neste terreo, que non é outro que a loita pola dignidade, a igualdade e a liberdade. Ademais, un currículo democrático debe presentar a historia e os feitos que desenmascaren as mentiras e o engano, e comprometer aos estudantes na práctica da democracia en lugar de adoctrinalos co mito da democracia.

Un currículo democrático esixe que a educación transcurra desde estratexias metodolóxicas e organizativas participativas e democráticas. *Se queremos que a escola forme a persoas democráticas e participativas, ela mesma ten que estar organizada desde estos presupostos.* Por eso, a búsqueda dunha sociedade plenamente democrática require non só que o sistema educativo fomente unha actitude libre e participativa para a vida social futura, senón que o propio sistema educativo esté articulado desde os principios nos que di fundamentarse. E aquí temos que denunciar as contradicións das políticas conservadoras, como é o caso do proxecto de Lei de calidade da educación que se está a discutir en España, que supoñen un claro retroceso das estruturas organizativas democráticas, ademais de outros aspectos tremendamente negativos como a guetización dos centros públicos e a segregación do alumnado en itinerarios.

Educar para a cidadanía democrática implica, pois, revitalizar os órganos colexiados de participación e xestión do centro. Igualmente, no ámbito da aula temos que seguir utilizando e reivindicando as técnicas freinetianas de organización, tanto pola súa utilidade como pola súa coherencia cos principios democráticos. Entre estas últimas citamos as asembleas de clase; os planes de traballo; a cooperativa; a biblioteca de aula; etc. Con elas tratamos de facer real a democracia participativa nos centros educativos, ademais de potenciar a autonomía, a cooperación e a corresponsabilidade tanto na toma de decisións como en todos aqueles aspectos que atinxen á vida do centro.